



## Concello de Pontecesures

**Expediente núm.:** 337/2024

**Bases reguladoras e convocatoria**

**Asunto:** Certame literario de relato curto – Letras galegas 2024

### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO PARA ALUMNOS DA ESO POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión dos premios do Certame literario de relato curto para o Día das Letras Galegas 2024.

O Concello de Pontecesures, no marco da celebración do Día das Letras Galegas, organiza un certame de relato curto aberto á participación de alumnado de Educación Secundaria.

#### **1. Obxectivos:**

- Fomentar a creatividade e expresión literaria entre as estudantes de secundaria na lingua galega.
- Ofrecer un espazo de participación e recoñecemento para os escritores e escritoras noveis.
- Promover a lectura e escrita como ferramentas de desenvolvemento persoal e cultural.
- Potenciar a expresión e comprensión escrita e estimular o uso do galego nas familias.

#### **2. Participantes:**

- Estudantes de secundaria (1ºda ESO ata 4º da ESO ambos incluídos).
- Participarase individualmente e a través de un pseudónimo.
- Cada autor/a só poderá presentar un relato.

#### **3. Temática:**

- A temática será libre, permitíndose relatos de ficción, realismo, ciencia ficción, fantasía, misterio, entre outros xéneros literarios.
- Os relatos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados noutros certames.
- Os relatos deberán estar escritos en lingua galega.

#### **4. Extensión:**

- A extensión dos relatos non deberá superar as 1000 palabras.
- O relato terá un título que non contará na extensión do mesmo.

#### **6. Prazos:**

- O prazo de admisión de obras será dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 26 de abril de 2024 ás 14:00 horas.





## Concello de Pontecesures

---

### 7. Presentación

- A entrega dos relatos poderá realizarse en formato físico ou dixital.
- Poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Pontecesures, en horario do Rexistro de Entrada (09:00 a 14:00 horas), ou nos lugares que sinala o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre os cales se atopa a Sede Electrónica do Concello de Pontecesures.
- No caso de non presentar a solicitude no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Pontecesures, a persoa ou entidade aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [educacion@pontecesures.org](mailto:educacion@pontecesures.org), e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da solicitude na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas ou entidades admitidas.
- En calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa ou á entidade participante que achegue información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta valoración da solicitude presentada.
- En formato físico entregarase nun sobre pechado que conterà:
  - o A folla do relato firmada co pseudónimo.
  - o Un sobre pechado no interior cunha folla co nome, apelidos, copia do DNI, data de nacemento, enderezo, teléfono e correo electrónico (propios ou dun/ha titor/a).
- En formato dixital en 2 arquivos:
  - o Arquivo 1: Coa folla do relato firmada co pseudónimo.
  - o Arquivo 2: Coa folla co nome, apelidos, copia do DNI, data de nacemento, enderezo, teléfono e correo electrónico (propios ou dun/ha titor/a).
  - o O nome do Arquivo 1 será “Relato” acompañado do pseudónimo do autor ou autora e o título do mesmo.
  - o O nome do Arquivo 2 será “Datos” acompañada do pseudónimo do autor ou autora e o título do mesmo.

### 8. Xurado e valoración:

- O xurado estará composto por profesionais do ámbito literario e educativo.
- A valoración dos relatos terá en conta a creatividade, orixinalidade, calidade literaria e adecuación á temática.
- Valorarase positivamente que o relato engada algunha referencia á vila de Pontecesures; contemple algún dos seus fitos históricos e/ou faga referencia a dito concello.

### 9. Premios:

- Entregarase un premio para os 3 mellores relatos, consistente en:
  - o 1º Premio **120€**
  - o 2º Premio **90€**
  - o 3º Premio **50€**
- Ademais, poderán outorgarse mencións especiais a outros relatos destacados.
- Os premios poderán quedar desertos se non se alcanza unha calidade mínima. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelables en tódolos casos.





## Concello de Pontecesures

---

### 10. Dereitos de autor:

- Os participantes ceden os dereitos de publicación temporal para a divulgación dos relatos seleccionados no marco do certame.

### 11. Clausura:

- A entrega de premios e clausura do certame realizarase coincidindo co Festival Folclórico de Música Tradicional.

### 12. Disposicións adicionais:

- A organización reserva o dereito de resolver calquera situación non contemplada nas bases.
- A participación no certame implica a aceptación total das bases e a súa interpretación é responsabilidade da organización do certame.
- Os datos persoais incluídos neste certame só serán coñecidos pola organización do concurso, quen garante o anonimato dos autores e autoras dos relatos durante todo o proceso de selección e deliberación do xurado. O seu tratamento ten como finalidade a xestión e control dos premios concedidos polo xurado. Os seus datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiros. O interesado ou interesada poderá revogar o seu consentimento así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Pontecesures

María Teresa Tocino Barreiro

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

